

## Convenio de Colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Pública Galicia Europa para o desprazamento dunha persoa empregada pública en virtude da Disposición Adicional 2ª da Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia

### REÚNENSE

Dunha parte, Marta Villaverde Acuña, Conselleira do Mar, nomeada en virtude do Decreto 35/2025, do 4 de xuño, e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Jesús Mª Gamallo Aller, director da Fundación Pública Galicia Europa (FGE), que intervéñen neste acto por conta e en representación da mesma, segundo recollen os seus estatutos, no seu artigo 26.1.g), elevados a escritura pública perante o notario de Santiago de Compostela don José Manuel Amigo Vázquez, o 26.02.2024, co número 581 do seu protocolo, tendo a Fundación o seu domicilio na rúa do Hórreo, nº 61, código postal 15701 de Santiago de Compostela, con código de identificación fiscal G15140023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e que mutuamente se recoñecen.

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

**Segundo.-** Que a consellería do Mar é o órgano da Administración autonómica galega que, de acordo co artigo 148.1.11 da Constitución española, que habilita a Galicia para asumir competencias exclusivas en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, e segundo recolle o Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.15 do noso Estatuto de autonomía, exerce a competencia exclusiva en materia de «pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura». Conxuntamente con esta previsión, e respectando o marco competencial do Estado recollido no artigo 149.1.19 da Constitución, de pesca marítima, sen prexuízo das



competencias que na ordenación do sector se lles atribúan ás comunidades autónomas, o artigo 28.5 do Estatuto establece que Galicia ten competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que aquelas establezan, en materia de ordenación do sector.

De acordo co disposto no Artigo 74º bis da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do marco competencial que lle corresponde, defenderá nos foros pertinentes e adoptará cantas medidas sexan precisas para garantir a permanencia e o acceso das embarcacións galegas nos caladoiros cuxa regulación non sexa da súa competencia, coa finalidade de consolidar a súa actividade pesqueira, a súa rendibilidade económica e o mantemento do nivel de emprego existente».

**Terceiro.**- A Política Pesqueira Común (PPC) da Unión Europea, regulada actualmente polo Regulamento (UE) nº 1380/2013, atópase inmersa nun proceso de reforma no que se pretende avanzar cara a un modelo que incorpore unha verdadeira dimensión social e económica. Este proceso debe atender ás necesidades laborais, de benestar e de sustentabilidade das persoas traballadoras do sector, tanto por conta propia como allea, e ao conxunto das actividades que integran a cadea mar-industria, incluídos os ámbitos extractivo, acuícola e transformador.

Ademais, a PPC interactúa cun amplo conxunto de políticas e iniciativas europeas – como a gobernanza internacional dos océanos, o Pacto Verde Europeo, a Estratexia de Biodiversidade, as orientacións sobre planificación espacial mariña, a política comercial da UE e a regulación relativa ao control pesqueiro e á loita contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (INDNR)– que condicionan de maneira directa o desenvolvemento presente e futuro do sector pesqueiro galego.

Neste escenario complexo, resulta esencial que Galicia participe activamente na configuración destas políticas para asegurar que reflicten adecuadamente a realidade, os retos e as necesidades dunha das rexións europeas con maior dependencia socioeconómica do mar.

Co fin de garantir unha participación activa, informada, permanente e estratéxica neste proceso, a Consellería do Mar considera oportuno designar unha persoa empregada pública que se desprace a Bruxelas. A súa presenza permitirá un acceso inmediato á información, aos debates e ás decisións que se están a producir nas institucións da UE, favorecerá unha comunicación continua coa Consellería e posibilitará unha intervención máis eficaz nos procesos de toma de decisións nestas institucións. Isto facilitará a adopción de posicións fundamentadas e vantaxosas para os intereses do sector pesqueiro galego, plenamente aliñadas co contexto normativo, orzamentario e estratéxico europeo, reforzando así a capacidade da Xunta de Galicia para orientar e defender de maneira máis eficaz a súa acción política e estratéxica neste ámbito, dun xeito acorde coa súa relevancia económica e social.



**Cuarto.-** Que a Fundación Pública Galicia Europa (FGE) creouse ao abeiro do artigo 34.1 da Constitución española e réxese pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e normativa de desenvolvemento, inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego, con número 1988/1. É unha entidade sen ánimo de lucro e unha entidade instrumental do sector público autonómico de Galicia. Foi declarada de interese galego pola Orde do 24 de maio de 1988 e resúltalle de aplicación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en concreto, o artigo 118 de réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control, e o artigo 119 de auditoría e control; dependente do padroado, coa composición e funcións que se determinan nos seus estatutos.

A FGE, creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa, centra o seu labor en defender os intereses de Galicia ante a Unión Europea, promover a participación galega en proxectos europeos, e informar, formar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia. A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia recolle o mandato outorgado á FGE para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado.

Porén a FGE, non conta coa capacidade suficiente para asumir todas as funcións que, neste momento crucial para a política pesqueira común, resultan de interese para a Consellería do Mar. Por este motivo, a opción de desprazar a un empregado público da propia Consellería a Bruxelas semella a máis axeitada neste contexto.

**Quinto.-** Que segundo a Disposición Adicional segunda da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, cando existan necesidades específicas do servizo, conxunturais ou motivadas polo aumento do volume de traballo que requiran reforzar as actuacións precisas para a tramitación, o seguimento ou o impulso da participación autonómica en asuntos da Unión Europea, os órganos competentes do sector público autonómico poderán de forma motivada encomendar estas funcións a persoal funcionario ou laboral e desprazalo, sempre que se conte en todo caso coa aceptación do dito persoal, ás oficinas da FGE, sitas en Galicia e en Bruxelas-Bélxica ou noutros países da Unión distintos de España, mantendo o seu réxime xurídico de orixe e posto de traballo, considerándose en servizo activo e percibindo as súas retribucións con cargo aos órganos ou ás entidades do sector público encomendantes. A duración deste traslado poderá ser de seis meses, prorrogable excepcionalmente por outros seis no caso de que se manteñan as referidas necesidades



Por todo o exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar e a FGE para o desprazamento dunha persoa empregada pública da dita consellería á oficina da FGE en Bélxica (Rue de la Loi, 38, 2º, bte.2 1040 Bruxelas).

### Segunda.- Obrigas das partes

Obrigas da Consellería do Mar

Corresponderalle á Consellería do Mar o cumprimento das seguintes obrigas:

- a) Designar formalmente, mediante resolución, á persoa empregada pública que se desprace á oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, así como comunicar á FGE os datos necesarios para a súa correcta integración nas dependencias desta.
- b) Asumir o pagamento íntegro das retribucións da persoa empregada pública desprazada, así como as cotizacións sociais e demais obrigas de carácter laboral ou fiscal que lle correspondan, conforme o réxime xurídico de orixe da devandita persoa.
- c) Aboar as axudas e compensacións económicas establecidas neste convenio en concepto de aloxamento, manutención, viaxe e seguro médico, consonte o disposto na cláusula sexta.
- d) Definir as liñas estratéxicas, instrucións e prioridades que orienten o labor da persoa desprazada, garantindo a súa coordinación coas políticas e obxectivos da Consellería en materia de pesca e asuntos marítimos europeos.
- e) Realizar o seguimento técnico das tarefas encomendadas, mediante a recepción e avaliación dos informes periódicos elaborados pola persoa desprazada, e trasladar á Comisión de Seguimento calquera incidencia relevante no desenvolvemento das actuacións.



Obrigas da Fundación Pública Galicia Europa

Corresponderalle á Fundación Galicia Europa o cumprimento das seguintes obrigas:

- a) Facilitar á persoa empregada pública desprazada o uso dos servizos e medios comúns da oficina de Bruxelas, así como as infraestruturas necesarias para o desempeño das súas funcións.
- b) Integrar á persoa desprazada na dinámica de traballo e coordinación interna da oficina, garantindo a unidade de acción institucional da representación galega ante a Unión Europea.
- c) Facilitar o acceso á información, documentación e contactos institucionais necesarios para o cumprimento das funcións encomendadas pola Consellería do Mar.
- d) Prestar á persoa desprazada o apoio técnico e a orientación que resulten precisos para o correcto exercicio das súas tarefas, así como promover a súa participación nas actividades de interese común organizadas pola FGE.
- e) Informar periodicamente á Consellería do Mar das cuestións de relevancia europea que poidan afectar ao ámbito competencial desta, colaborando na transmisión bidireccional de información entre Bruxelas e Galicia.
- f) Garantir o cumprimento das normas de réxime interno da oficina e velar pola correcta convivencia e coordinación do persoal, sen que iso implique a existencia de relación laboral ou contractual algunha coa persoa desprazada.

### **Terceira.- Tarefas encomendadas á persoa empregada pública desprazada**

As tarefas que lle corresponderán, baixo o ditado da Consellería do Mar e en coordinación coa oficina da FGE, serán as seguintes.

A- Monitorización e alerta temperá

Obxectivo: garantir que a Consellería teña información anticipada sobre decisións ou debates europeos que poidan afectar o sector marítimo-pesqueiro galego.

Funcións:

Seguir de forma sistemática a actividade das institucións europeas relevantes (Comisión Europea –DG MARE, DG TRADE, DG ENV–, Parlamento Europeo, Consello, Comités consultivos, etc.).



Identificar e comunicar propostas legislativas, estratexias, consultas públicas, programas de financiamento ou decisións técnicas con impacto en Galicia.

Elaborar informes de alerta temperá que permitan á Consellería anticiparse e definir posicións políticas ou técnicas.

B- Asistencia aos foros de decisión ou preparación da asistencia do persoal competente da Consellería (sempre en estreita coordinación co representante de Galicia ante o Comité das Rexións e a Dirección da Fundación Galicia Europa).

Obxectivo: velar pola presenza dos intereses do sector marítimo-pesqueiro galego dentro do marco europeo.

Funcións:

Actuar como primeira ligazón técnica e político entre a Consellería do Mar e as institucións europeas de acordo coas instrucións recibidas

Participar activamente en reunións, foros, grupos de traballo, comités consultivos rexionais (RACs) e eventos sectoriais e informar puntualmente do desenvolvemento e conclusións dos mesmos

Facilitar e reforzar a coordinación coa Representación Permanente de España ante a UE (REPER), para que as posicións galegas estean integradas na postura nacional.

Apoiar a defensa técnica das posicións galegas ante a Comisión e o Parlamento, especialmente en temas como cotas, xestión de pesqueiras, acordos internacionais, política de control ou axudas ao sector.

C- Relacións institucionais e networking

Obxectivo: tecer unha rede sólida de contactos para mellorar a influencia e o acceso a información estratéxica, facilitando no seu caso a organización de reunións do persoal competente da Consellería cos actores pertinentes.

Funcións:

Establecer e manter relacións regulares con funcionarios da Comisión, eurodeputados, agregados de pesca doutros Estados membro, asociacións europeas (Europêche, EAPO, etc.) e Ongs relevantes.

Potenciar a presenza de Galicia nos foros europeos (organización ou participación en eventos, conferencias, seminarios).



Seguir e garantir a coordinación co labor da DXRUE nas alianzas estratéxicas con outras rexións marítimas (p. ex. Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas – CRPM, grupo de rexións pesqueiras do Atlántico, etc.), no que se refira ás materias de competencia da Consellería

#### D. Fluxo de información e apoio técnico á Consellería

Obxectivo: garantir un fluxo constante, útil e comprensible de información cara a Galicia.

##### Funcións:

Elaborar informes periódicos (semanais ou quincenais) con resumos das principais novidades normativas, debates ou convocatorias.

Manter unha base de datos actualizada sobre lexislación e políticas europeas relevantes.

Responder a solicitudes específicas de información técnica ou institucional das distintas unidades da Consellería.

Proporcionar análise de contexto sobre a evolución das políticas europeas que afecten o mar, a pesca, a acuicultura ou a comercialización de produtos pesqueiros.

Manter reunións periódicas coa Consellería nas que dará conta das actuacións realizadas e recibirá as instrucións oportunas para o correcto desenvolvemento das funcións que ten encomendadas

#### E. Apoio á participación galega en programas e proxectos europeos

Obxectivo: aproveitar ao máximo as oportunidades financeiras e de cooperación europea.

##### Funcións:

Informar sobre convocatorias de fondos europeos que poidan ser do interese da Consellería.

Asesorar á Consellería e ao sector sobre requisitos, socios potenciais e tendencias de financiamento.

#### F. Comunicación e visibilidade

Obxectivo: reforzar a imaxe de Galicia como rexión marítima líder en Europa.



**Funci3ns:**

Promover a divulgaci3n de boas pr3cticas galegas en pesca sostible, innovaci3n ou comercializaci3n.

**G. Coordinaci3n interna e rendici3n de contas**

Obxectivo: asegurar coherencia e eficacia no traballo.

**Funci3ns:**

Manter unha comunicaci3n flu3da co gabinete da Conseller3a do Mar.

Presentar informes de resultados que permitan avaliar o impacto do traballo en Bruxelas.

**Cuarta.- Condici3ns do desprazamento**

1. A duraci3n do desprazamento ser3 desde o 1 de decembro de 2025 ata o 31 de maio de 2026.
2. A persoa empregada p3blica desprazada manter3 o seu r3xime xur3dico de orixe e posto de traballo, consider3ndose en servizo activo e percibindo as s3as retribuci3ns con cargo 3 Conseller3a do Mar.
3. A Conseller3a do Mar aboar3 unha cantidade fixa de 2.315,70 € mensuais en concepto de axuda de aloxamento de 1.293,90 € mensuais en concepto de manutenci3n, as3 como un 3nico pagamento de 600€ como axuda de viaxe.
4. A Conseller3a do Mar farase cargo dun seguro adicional de cobertura sanitaria en B3lxica coa finalidade de evitar o impacto que o copagamento belga puidera ter na asistencia sanitaria da persoa desprazada.
5. A persoa empregada p3blica desprazada poder3 desfrutar das vacaci3ns e demais permisos previstos para os funcionarios da Xunta de Galicia, nas mesmas condici3ns que se estivese no seu posto de orixe.
6. A persoa empregada p3blica desprazada deber3 informar regularmente da s3a actividade 3 persoa titular da Conseller3a ou 3 persoa que esta designe para tal efecto, garantindo as3 que a s3a actuaci3n se axuste 3s directrices e prioridades marcadas pola Conseller3a no 3mbito da pol3tica pesqueira com3n.
7. A persoa empregada p3blica desprazada, durante o tempo de vixencia deste convenio, quedar3 relevada dos asuntos que te3a atribuidos no seu posto de orixe.



A Fundación porá ao dispor da persoa empregada pública desprazada os servizos administrativos comúns da oficina, polo que a persoa desprazada deberá someterse ás condicións de uso que determine a Dirección da oficina, así como cumprir coas normas de réxime interno que dite aquela. Así mesmo, deberá acomodarse ao horario, xornada e demais elementos determinados polo réxime de funcionamento interno desa oficina.

O cumprimento, por parte da persoa designada pola Consellería do Mar destas normas de réxime interno non implica ningunha relación laboral ou contractual desta persoa coa Fundación. De igual maneira, a FGE prestaralle á empregada pública desprazada pola Consellería asesoramento técnico e formación que o seu persoal puidera dispensarlle no exercicio das súas funcións.

#### **Quinta.- Deber de información e colaboración**

A persoa desprazada procurará a coordinación e unidade de acción coa oficina da FGE en Bruxelas. Para iso, participará nas reunións de coordinación interna e manterá informada da súa actividade á directora da FGE en Bruxelas, ademais de cooperar co resto do equipo. Do mesmo xeito, a FGE deberá informar á persoa empregada pública desprazada das cuestións desenvolvidas que puideran ser relevantes para a súa Consellería de orixe. A Dirección da oficina velará en todo momento por salvaguardar a unidade de acción da FGE.

#### **Sexta.- Crédito orzamentario**

A persoa empregada pública desprazada percibirá da Consellería de Mar as retribucións que lle correspondan polo posto que ocupa na dita consellería.

Como compensación polos gastos ocasionados á persoa empregada pública desprazada, aboaráselle un importe para cubrir gastos de manutención e aloxamento mensuais, unha cantidade para gastos de viaxe e o seguro médico, co seguinte detalle :

	Indemnización por manutención	Gastos de viaxe	Seguro médico	Axuda de aloxamento
2025	1.293,90	600 €	100 €	2.315,70
2026	6.469,5	-	-	11.578,50
Aplicacións orzamentarias	16.01.721A.230	16.01.721A.231	16.01.721A.226.99	16.01.721A.230

Os importes indicados aboaranse por mes adiantado. Con posterioridade a cada mes, a persoa desprazada deberá remitir á Consellería do Mar un Informe das actividades



realizadas, no que conste o detalle da realización das actividades obxecto deste convenio.

Segundo os artigos 5º e 6º do Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, as comisións no estranxeiro cunha duración superior a tres meses, terán a consideración de residencia eventual. Segundo o artigo 13 do dito decreto, o límite de indemnización de residencia eventual será igual ao 80% das axudas de custo enteiras que lle corresponderían ao funcionario segundo os artigos 9º e 10º do decreto, e a súa contía será fixada pola mesma autoridade que confire a comisión.

Cando nas comisións de servizo o persoal que estivese na situación de residencia eventual tivese que desprazarse de esta, percibirá durante os días que dure o citado desprazamento axudas de custo exclusivamente por aloxamento e os correspondentes gastos de viaxe, nas condicións establecidas para as comisións de servizo en xeral.

### **Sétima.- Designación da persoa empregada pública desprazada pola Consellería nas dependencias da FGE**

A Consellería do Mar designará a persoa empregada pública mediante resolución de desprazamento. Como consecuencia a Consellería continuará a aboarlle a retribución que lle corresponda polo seu posto, así como as cargas sociais ou impostos que procedan. Os gastos de viaxes e indemnizacións en que incorra por razón do servizo, se aboarán segundo disposto na cláusula anterior. En ningún caso a FGE establecerá relación contractual algunha coa persoa desprazada non podendo ser responsable das súas retribucións nin cotizacións sociais:

Antes da sinatura da resolución de desprazamento, a persoa designada deberá achegar á súa Consellería e á FGE, un escrito asinado no que acepte o desprazamento polo período de tempo indicado. No caso de que a persoa empregada pública desprazada cambie a un novo posto de traballo noutra consellería, a nova consellería poderá autorizar a continuidade do seu desprazamento. De non producirse a dita autorización, a Consellería poderá designar a outra persoa empregada pública para o desprazamento, ata completar o tempo de duración máxima deste convenio. Así mesmo, a persoa empregada pública desprazada poderá renunciar ao desprazamento en calquera momento da súa vixencia, pero sempre con 15 días de antelación, o que implicará a resolución inmediata deste convenio.



### **Oitava.- Natureza xurídica das relacións profesionais**

A colaboración da FGE coa Consellería non constitúe relación ou negocio xurídico ningún de orde civil, mercantil, laboral ou administrativo daquela coa persoa empregada pública desprazada. Do mesmo xeito, a Fundación non asumirá ningunha responsabilidade por lesións, danos ou prexuízos que puidera provocar ou sufrir a persoa empregada pública desprazada, fose por acción ou omisión, correndo por conta da Consellería as reparacións, indemnizacións e gastos precisos para restituír ao seu ser e estado orixinario o ben xurídico que puidera resultar afectado.

### **Novena.- Fiscalización económica**

Ambas partes sométense ao control da actuación obxecto do presente convenio por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo das competencias que nesta materia corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

### **Décima.- Información sobre protección de datos**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

### **Décimo primeira.- Natureza xurídica e marco xurídico aplicable**

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa polo que se rexerá pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, quedando fóra do



ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co seu artigo 6.1.

Este convenio rexerese polas súas propias cláusulas e a interpretación que destas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da antedita lei, para resolución de dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

### **Décimo segunda- Comisión de seguimento e control**

Constitúese unha comisión de seguimento e control, que levará a cabo o seguimento do presente convenio e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan presentar.

A comisión estará formada polo Director/a da FGE, ou persoa na que delegue e pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, ou persoa na que delegue.

Se transcorridos quince días naturais desde a presentación da lagoa ou diverxencia, a devandita comisión non adoptara unha decisión, calquera das partes poderá denunciar o convenio e resolver a relación xurídica da que trae causa, sen prexuízo do seu sometemento ao que determinen os órganos xudiciais da orde xurisdiccional competente.

### **Décimo terceira.- Xurisdición competente**

As cuestións litixiosas derivadas da interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio someteranse á xurisdición contencioso administrativa. As partes acordan someterse ao foro dos órganos xudiciais de Santiago de Compostela, onde ten o seu domicilio a FGE, renunciando a iniciar accións en calquera outra sede xudicial.

### **Décimo cuarta.- Obrigas de publicidade**

Este convenio quedará sometido en canto a publicidade ao establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



### **Décimo quinta.- Entrada en vigor e duración**

Este convenio producirá efectos dende o 1 de decembro de 2025 ata o 31 de maio de 2026, podendo prorrogarse excepcionalmente por outros seis meses no caso de que se manteñan as referidas necesidades.

### **Décimo sexta.- Resolución e modificación do convenio**

As partes asinantes poderán modificar os termos do presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo, mediante a sinatura dunha addenda.

Así mesmo, calquera das partes asinantes poderá proceder á súa denuncia expresa cun prazo mínimo de tres meses á data en que se pretenda a súa expiración.

Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorreren en causa de resolución. O presente convenio entenderase resolto por algunha das seguintes causas:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordara a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento, por parte dalgún dos asinantes, das obrigas e compromisos asumidos.

Neste caso, calquera das partes poderalle notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento seralle comunicado á comisión de seguimento e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralles ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados, se así se previu.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

E en proba da súa plena e voluntaria conformidade coas estipulacións arriba consignadas, ambas partes asinan dixitalmente o presente instrumento.

Pola Consellería do Mar  
A conselleira  
Marta Villaverde Acuña

Pola Fundación Pública Galicia Europa  
O director  
Jesús M<sup>a</sup> Gamallo Aller

